



A oferta de programas de ocio da Federación Provincial de ANPAs para o curso 2018/19, enmárcase dentro dun convenio de colaboración co Concello da Coruña.

Estes programas pretenden ocupar o tempo libre dos escolares, con propostas onde o xogo e a diversión serán o aceno de identidade, proporcionando ao mesmo tempo un lecer activo e de calidade.

Os nenos/as terán un amplo abano de experiencias, que lles permitirán completar o seu desenvolvemento integral como persoa, dentro dun colectivo e nun ambiente distendido, socializador e integrador.

Estes programas desenvólvense nos propios centros públicos da cidade, favorecendo así a conciliación da vida laboral, social e familiar.



A Coruña
tardes
curso 2018/19

+ INFORMACIÓN

Federación Provincial ANPAS

Rúa Orzán, 21 - 15003 A Coruña

correo electrónico: ocio@fedapascoruna.org

web: www.fedapascoruna.org

web: www.coruna.es/educacion

Tel.: 981 202 002 / 981 201 877

PROGRAMAS EDUCATIVOS CURSO 2018/19

Cóxegas

(SETEMBRO DE 2018 E XUÑO
DE 2019)



Deporte no Centro

(DO 01/10/2018 AO 31/05/2019)



Ocio Educativo

(DO 01/10/2018 AO 31/05/2019)



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
EDUCACIÓN



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
EDUCACIÓN



CÓXEGAS



O programa Cóxegas é unha proposta que xurde como resposta a demanda das familias para poder conciliar a vida familiar e laboral ata o último día do curso escolar.

Os obxectivos do programa son os seguintes:

- Ofrecer unha vía de conciliación familiar no propio centro educativo.
- Afianzar hábitos e normas de comportamento e convivencia.
- Favorecer o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo-social e da personalidade dos nenos e das nenas a través do xogo e as actividades lúdicas axeitadas a cada idade.

PERÍODO DE REALIZACIÓN

Período 1: do 12 ao 28 de setembro de 2018

Período 2: do 3 ao 21 de xuño de 2019

HORARIO

De luns a venres, das 16.00 ás 18.00 h.

PERSOAS DESTINATARIAS

Nenos e nenas matriculados en colexios públicos do concello de A Coruña, precisando un mínimo de 10 escolares inscritos para a formación de grupo

PROPOSTA DE ACTIVIDADES


Este programa ofrece ao alumnado a oportunidade de realizar xogos e deportes así coma actividades lúdicas de animación teatral, plástica ... baixo un enfoque integrador onde os nenos e as nenas serán os propios protagonistas, mediante a creación dunha aventura virtual nestas tres semanas de duración.

PRAZOS E LUGAR DE INSCRICIÓN

Período 1: a partir do 3 de setembro de 2018

Período 2: do 6 ao 10 de maio de 2019

No lugar e horario que estableza o ANPA do teu colexio.



COTA A ABOAR	
Período	Cota
Setembro	15€
Xuño	15€



DEPORTE NO CENTRO

Programa que pretende o desenvolvemento integral da persoa a través da práctica de actividades físico-deportivas. Estas prácticas se realizarán nos centros educativos, sempre que os espazos sexan axeitados a cada tipo de actividade.



PERÍODO DE REALIZACIÓN

Do 1 de outubro de 2018 ao 31 de maio de 2019

HORARIO

De luns a venres, das 16.00 ás 18.00 h.
Sesións de dúas horas alternas á semana.

QUE ACTIVIDADES ELEXIR

As que seleccione a ANPA do centro de todas as que figuran no seguinte cadro.

Tamén poderán ter cabida outras propostas que solicite a ANPA, sempre que teña as instalacións axeitadas para desenvolveselas

EDUCACIÓN INFANTIL	EDUCACIÓN PRIMARIA		ESO, BACHARELATO E CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E SUPERIOR
	1.º e 2.º EP	3.º a 6.º EP	
XOGOS	Preporte	Baloncesto I	Baloncesto II
		Fútbol Sala I	Fútbol Sala II
		Tenis I	Tenis II
		Balonman I	Balonman II
		Multideporte I	Multideporte II
		Atletismo I	Atletismo II
		Voley I	Voley II
		Ximnasia Artística I	Ximnasia Artística II
XOGOS RÍTMICOS	RITMO	Hockey Sala I	Hockey Sala II
		Esgima I	Esgima II
		Baile moderno I	Baile moderno II
		Ximnasia rítmica I	Ximnasia rítmica II
PREPATINAXE I (1)	PREPATINAXE II (1)	Aerobic I	Aerobic II
XOGOS DE TABOLEIRO	PREXADREZ	Patinaxe I (1)	Patinaxe II (1)
		Hockey patíns I	Hockey patíns II
XOGOS DE CAPOEIRA I	A RITMO DE CAPOEIRA	Xadrez I	Xadrez II
XOGOS TRADICIONAIS I	XOGOS TRADICIONAIS II	Capoeira I	Capoeira II
		Deportes Alternativos I	Deportes Alternativos II


(1) Será obrigatorio ó uso de proteccións (cascos, pulseiras, cobadeiras e xeonleiras) para os participantes que aínda non teñen 2 anos de experiencia

PRAZOS E LUGAR DE INSCRICIÓN

Do 3 ao 14 de setembro de 2018, para os CEIPs e ata o 21 de setembro para os IES e CIFP, no local da ANPA de cada centro educativo.

A ratio mínima para formar grupo será de 12 participantes.

COTAS DO PROGRAMA DEPORTE NO CENTRO		
Filios inscritos	Outubro a decembro de 2018	Xaneiro a maio de 2019
1	13 € / actividade	20 € / actividade
2	10,40 € / actividade e fillo/a	16 € / actividade e fillo/a
3	9,10 € / actividade e fillo/a	14 € / actividade e fillo/a
4ou máis	7,80 € / actividade e fillo/a	12 € / actividade e fillo/a



OCIO EDUCATIVO

Programa multidisciplinar estruturado en cinco obradoiros que posibilitan unha formación integral co xogo como principal ferramenta de intervención educativa.



PERÍODO DE REALIZACIÓN

Do 1 de outubro de 2018 ao 31 de maio de 2019

HORARIO

De luns a venres, das 16:00 ás 18:00 h. en horario ininterrompido.
Cada obradoiro realizarase o día da semana que asigne a ANPA de cada centro.



PERSOAS DESTINATARIAS

Alumnado de educación infantil, 1º, 2º, 3º e 4º de Educación Primaria dos centros educativos públicos do Concello.

A ratio mínima para formar grupo será de 12 participantes agrupados por tramos de idade (2-3 cursos consecutivos). Os grupos que non cumpran estes criterios, poderán ser valorados pola Fed. Prov. ANPAs para a súa posta en marcha.

OBRADOIROS

EUREKA!.. Esperta a mente e agudiza o teu enxeño con xogos de estratexia, de mesa, dos quebracabezas, ilusións ópticas, e como non, da maxia e dos experimentos científicos.

ENXEBRE. Descubre a maxia da nosa tradición a través dos xogos, contos, bailes e cantigas populares.

O RITMO DO SON. Divertete xogando coa música e os instrumentos, cantando e bailan-

do ao compás dos movementos e ritmos máis creativos.

ESCOLA DE ACTORES. Inventa historias, crea personaxes, deseña o atrezzo e representa contos, so con imaxinación e moito, moito teatro!

FEITO A MAN. Deseña as túas propias creacións e xoguetes con materiais e técnicas coma a goma eva, a pasta de modelar, feltro, material de reciclaxe, etc.

PRAZO E LUGAR DE INSCRICIÓN

Do 3 ao 14 de setembro de 2018 no local da ANPA do teu centro. Para formalizar a inscrición, deberase entregar a ficha debidamente cuberta e aboar a cota correspondente á modalidade de participación solicitada.

MODALIDADE DE PARTICIPACIÓN E COTAS

Existen 2 modalidades de participación. Cada unha delas ten unha cota distribuída en 3 períodos ao longo do curso. 1º Período: outubro-dicembro. 2º Período: xaneiro-marzo. 3º Período: abril-maio

MODALIDADE 1 OU COMPLETA	5 DÍAS COMPLETOS Á SEMANA (de luns a venres 10h)	COTA POR PERÍODO	
		30€	
MODALIDADE 2 OU PARCIAL	DE 1 A 4 DÍAS Á SEMANA	COTA POR PERÍODO	
		1 DÍA	10€
		2 DÍAS	15€
		3 DÍAS	20€
4 DÍAS	25€		

Estes programas están subvencionados polo Concello da Coruña. Estarán exentos de cota os nenos e as nenas que xustifiquen ser beneficiarios da beca comedor para o curso 2018/19.

Únicamente as persoas inscritas en Ocio Educativo ou en Deporte no Centro deberán aboar unha única cota de 4 € en concepto de seguro de accidentes, que lle dará cobertura en todos os programas xestionados pola Fed. de ANPAs para o curso 2018-19.